

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CORUÑA, A

##### Persoal

*Anuncio publicación da declaración de caducidade de determinadas prazas incluídas nas Ofertas de Emprego Público do Concello da Coruña para os anos 2018, 2022 e 2023*

##### ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 04 de xuño de 2026, resolveu o seguinte:

**Primeiro.-** Executar e publicar no BOP e na páxina web do Concello da Coruña (<https://www.coruna.gal>) o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o 20 de maio de 2026, polo que se declara a caducidade das OEP do Concello da Coruña para os anos 2018, 2022 e 2023, polo tempo transcurrido, nos seguintes termos:

**“Primeiro.-** Declarar a caducidade das seguintes prazas incluídas nas Ofertas de Emprego Público indicadas a continuación, polo transcurso do prazo improrrogable de 3 anos para a súa execución previsto no artigo 70 do Estatuto Básico do Empregado Público:

OEP	Grupo	Nº prazas	Denominación	Quenda
2018	A1	1	T. Medio Ambiente	Libre
2022	A1	1	T. Medio Ambiente	Libre
2022	A1	1	Enxeñeiro/a Industrial	Libre
2023	A1	1	Enxeñeiro/a Industrial	Libre
2022	A1	1	Psicólogo/a	Libre
2022	A1	1	Téc. Admon. Xeral	Libre
2022	A1	1	Téc. Admon. Xeral	Libre
2022	A1	1	Téc. Admon. Xeral	Libre
2022	A1	1	Téc. Admon. Xeral	Libre
2022	A1	1	Téc. Admon. Xeral	Libre
2023	A1	1	Téc. Admon. Xeral	Libre
2023	A1	1	Téc. Admon. Xeral	Libre
2023	A1	1	Tec. Com. Social e Rel. Pub.	Libre
2023	A1	1	Tec. Com. Social e Rel. Pub.	Libre
2022	B	1	Tec. Sup. Delineación	Libre
2023	B	1	Tec. Sup. Delineación	Libre

**Segundo.-** En desenvolvemento dos efectos xurídicos da declaración de caducidade, deixar sen efecto as convocatorias dos seguintes procesos selectivos, e acordar a súa publicación no BOP e na páxina web do Concello da Coruña (<https://www.coruna.gal>):

- Proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, dunha praza de Técnico/a de Medio Ambiente (subgrupo A1) da escala de administración especial, incluída na Oferta de emprego público do ano 2018 (C.E. 13/18).
- Proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, dunha praza de Técnico/a de medio ambiente (subgrupo A1) da escala de administración especial, subescala técnicas, clase técnicos/as superiores, incluída na OEP do ano 2022 (C.E. 16/22).

- Proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, de 2 prazas de Enxeñeiro/a industrial (subgrupo A1), da escala de administración especial, incluídas nas OEP dos anos 2022 e 2023 (C.E. 9/23).
- Proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, de 2 prazas de Psicólogo/a (subgrupo A1) da escala de administración especial, subescala técnica, , incluídas nas OEP dos anos 2022 e 2025 (C.E. 3/25).
- Proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, de 2 prazas de Técnico/a Superior de Delineación (grupo B) da escala de administración especial, subescala técnica, incluídas nas OEP dos anos 2022 e 2023 (C.E. 8/23).
- Proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, de 15 prazas de Técnico/a de administración xeral (subgrupo A1) da escala de administración xeral, subescala técnica, incluídas nas OEP do Concello da Coruña dos anos 2022, 2023 e 2025 (C.E. 2/25).
- Proceso selectivo para a cobertura, pola quenda de promoción interna, de 22 prazas de Técnico/a de administración xeral (subgrupo A1) da escala de administración xeral, subescala técnica, incluídas nas OEP do Concello da Coruña dos anos 2021, 2022, 2023 e 2025 (C.E. 4/25).
- Proceso selectivo para a cobertura, pola quenda de promoción interna, dunha praza de Técnico/a de informática (subgrupo A1) da escala de administración especial, subescala técnica, clase técnico superior, incluída na OEP do Concello da Coruña do ano 2022 (C.E. 18/22).

A Coruña, 11 de xuño de 2026

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2026/4025